

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA, A AXENCIA GALEGA DE INNOVACION E A FUNDACIÓN INCYDE PARA A COLABORACIÓN CONXUNTA NA XERACIÓN DE NOVAS POLÍTICAS DE INNOVACIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, ASÍ COMO NOVOS MECANISMOS QUE FOMENTEN A ESTRATEXIA REXIONAL DE INNOVACIÓN E A EXPLOTACIÓN DO COÑECEMENTO NO TERRITORIO.

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA, A AXENCIA GALEGA DE INNOVACION E A FUNDACIÓN INCYDE PARA A COLABORACIÓN CONXUNTA NA XERACIÓN DE NOVAS POLÍTICAS DE INNOVACIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, ASÍ COMO NOVOS MECANISMOS QUE FOMENTEN A ESTRATEXIA REXIONAL DE INNOVACIÓN E A EXPLOTACIÓN DO COÑECEMENTO NO TERRITORIO.

En Santiago de Compostela, a 19 de decembro de 2016

REUNIDOS

D. Javier Collado Cortés, con D.N.I. n.º 51.402.945-S, en nome e representación da Fundación Instituto Cameral para a Creación e Desenvolvemento da Empresa (en adiante Fundación INCYDE), en calidade de **Director Xeral**, con domicilio social na rúa cale Ribeira do Loira 12, 3ª planta, 28.042 de Madrid e CIF GR-82639352.

D. Francisco José Conde López, **Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da XUNTA DE GALICIA**, nomeado para o devandito cargo por Decreto 116/2015, do 4 de outubro (DOG nº190, do 5 de outubro), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante IGAPE), e da Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN), por razón do seu cargo e en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e no Decreto de 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Recoñecéndose ambos os dous posuír capacidade legal e poder abondo para celebrar este acto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a **Fundación INCYDE** (Instituto Cameral para a Creación e Desenvolvemento da Empresa) é unha institución creada en 1999 por iniciativa das Cámaras de Comercio, dedicada ao fomento e á formación do espírito emprendedor, á mellora da cualificación dos empresarios e á creación e consolidación de empresas.

Parte da súa actividade enmárcase en programas comunitarios financiados polo Fondo Social Europeo (FSE) e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). A través destes programas xestionou, dende o ano 2000, máis de 151 millóns de euros, ofrecendo unha serie de servizos aos emprendedores e empresas de nova creación, axudándolles no desenvolvemento dos seus proxectos, e xerando consecuentemente o desenvolvemento do tecido produtivo nacional.

Estes servizos inclúen, entre outros, a impartición de programas de formación tanto xenéricos coma específicos, para a creación e consolidación de empresas, axudando aos empresarios a que os seus plans de negocio sexan realistas e viables. Así mesmo, a súa rede de viveiros, a maior de Europa, conta con 137 incubadoras en funcionamento, ofrecendo un espazo aos novos emprendedores, onde instalarse nos primeiros anos de andaina empresarial, e onde recibir asesoramento personalizado, para facilitar o seu afianzamento no mercado, potenciando o contacto con outros emprendedores, dentro da incubadora, para o xurdimento de oportunidades de colaboración e sinerxías.

As claves do éxito da Fundación INCYDE tras estes máis de 16 anos foron a excelencia formativa, o apoio integral ás empresas e emprendedores, a capilaridade territorial, o uso das TIC, o aproveitamento das boas prácticas, e a cooperación con outras institucións así como o carácter inclusivo.

A Fundación INCYDE, lidera así mesmo, a xeración dun **crecemento intelixente e integrador das micropemes españolas**, mediante a creación de Viveiros de Transferencia de Tecnoloxía Aeroespacial situado en Vigo, e Aeronáutica en Sevilla, e a futura posta en marcha do proxecto Incubadoras de Alta Tecnoloxía concibido como centros avanzados e de referencia Europea para o coñecemento e a investigación aplicada.

Estes proxectos conxugan os obxectivos da Fundación INCYDE, que son a creación e consolidación de emprego, fomentando a innovación nas PEME, atraendo talento, e proxectando os emprendedores nos mercados internacionais, o que en definitiva supón unha aposta por un **crecemento intelixente, sostible e integrador** tal e como promove a Unión Europea.

SEGUNDO. - Que o **IGAPE** é o ente de dereito público, adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

TERCEIRO.- Que **GAIN** é unha axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, creada por Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, ao abeiro da autorización prevista na disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que, de acordo cos seus estatutos, ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e a competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias de innovación eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos, GAIN, de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, poderá colaborar con outras administracións públicas, non ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado, a través dos correspondentes convenios de colaboración.

CUARTO.- Que a **Unión Europea** promove para o período actual 2014-2020 o desenvolvemento dunhas políticas rexionais e nacionais que impulsen a Especialización Intelixente, considerada esta como un novo paradigma na xeración de políticas de innovación, moi importante para asegurar a eficiencia dos esforzos en materia de desenvolvemento que se están a levar a cabo dende as rexións europeas co apoio dos Fondos Estruturais. Este papel central reflíctese na Política de Cohesión que será de aplicación no período orzamentario 2014-2020 e no que se establece a obrigatoriedade de que as rexións beneficiarias dos Fondos Europeos dispoñan dunha Estratexia RIS3 como condición previa para poder dedicar recursos dos devanditos fondos aos capítulos relacionados con actividades de Investigación e Innovación.

O obxectivo destas políticas non é outro que converterse nunha ferramenta fundamental que contribúa a alcanzar, entre outros, os seguintes fins:

1. Modernización do tecido produtivo das rexións, e xeración de empresas con crecemento intelixente, sostible e integrador
2. Creación de alianzas do coñecemento entre os axentes implicados no desenvolvemento tecnolóxico e empresarial, non só a nivel rexional, senón nacional e internacional
3. Aumento do nivel de capacitación en innovación nas micropemes, co obxecto de mellorar a súa competitividade
4. Redución da brecha existente en materia de I+D+i que existe no noso país, entre os centros avanzados de coñecemento e as micropemes.

QUINTA.- Que a **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020**, foi redactada pola Xunta de Galicia e por todos os axentes económicos e sociais representativos do Sistema Galego de Innovación, para definir de forma coordinada e conxunta a Estratexia para a investigación e innovación en Galicia para o período 2014-2020 baseada no concepto de Especialización Intelixente.

CUARTO.- Que a Fundación INCYDE, tendo como obxectivo fundacional promover un crecemento intelixente nas micropemes do noso país, e contando coa experiencia e o coñecemento de máis de 17 anos impulsando a innovación empresarial, concíbese como unha ferramenta fundamental para colaborar conxuntamente coa Xunta de Galicia no deseño, xeración e desenvolvemento de novos mecanismos que fomenten a Estratexia Rexional de Innovación en Galicia, así como a explotación do coñecemento no territorio

Por todo iso, as Institucións asinantes teñen a ben subscribir o presente protocolo sobre a base das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO PROTOCOLO

O obxecto do presente protocolo é establecer unha colaboración entre as partes asinantes, co único obxectivo de xuntar esforzos e concentrar dun modo eficiente os recursos dispoñibles para desenvolver conxuntamente actuacións que potencien e fortalezan a Estratexia Rexional de Innovación de Galicia, así como promover o deseño de accións que impulsen as fortalezas e vantaxes competitivas da rexión, de maneira que se promova unha orientación do tecido produtivo cara a unha senda de desenvolvemento económico de Galicia, baseada na innovación e o coñecemento.

Coa colaboración de ambas as dúas institucións perséguese involucrar o maior número de axentes posibles, de maneira que se consigan os seguintes obxectivos:

1. Identificar as áreas de especialización da Comunidade Autónoma de Galicia para a definición de futuros proxectos que contribúan a alcanzar os obxectivos, e a reforzar e posicionar á rexión como líder desas áreas a nivel nacional.

2. Analizar a avaliación realizada sobre os resultados conseguidos en anteriores períodos, co obxecto de que se de continuidade ás estratexias xa iniciadas, e se executen os proxectos dun xeito coherente e intelixente
3. Involucrar o maior número de axentes do coñecemento posibles (Universidades, Centros de Investigación, Centros Tecnolóxicos e OPIs) para a creación de alianzas como fonte do coñecemento futuro, e o deseño dos futuros proxectos que destas alianzas se deriven.
4. Aproveitar a experiencia xa existente e a programación realizada pola Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Promoción Económica e da Axencia Galega de Innovación, como ferramentas fundamentais na consecución do desenvolvemento intelixente da rexión.
5. Informar a cidadanía sobre as políticas nacionais e rexionais que en materia de desenvolvemento se están a levar a cabo na Comunidade Autónoma, así como dar a coñecer o papel fundamental que os Fondos Europeos xogan como reforzo a todas elas.

SEGUNDA.- ACCIÓNS A DESENVOLVER

Está previsto levar a cabo, entre outras, as seguintes accións:

- ✓ Unha análise en profundidade da Estratexia RIS3 e colaborar conxuntamente con IGAPE e GAIN para concretar que tipo de accións ou proxectos a desenvolver nos próximos anos poderían contribuír á consecución dos obxectivos fixados na Estratexia.
- ✓ Levar a cabo unha análise dos fondos rexionais e Europeos destinados ao fomento da innovación, e estudar posibles accións que se poderían levar a cabo para potenciar a Estratexia Rexional
- ✓ Establecer liñas de colaboración entre ambas as dúas institucións para implicar o maior número de axentes posibles relacionados coas políticas de innovación, que permitan aproveitar ao máximo os recursos humanos e tecnolóxicos existentes.
- ✓ Estudar as posibles vías de transferencia da tecnoloxía, a investigación e o coñecemento ao mercado.
- ✓ Xuntar esforzos para promover a creación de oportunidades para o talento investigador e emprendedor
- ✓ Promover a mobilización do capital privado

TERCEIRA.- ÁMBITO TEMPORAL

O presente Protocolo entrará en vigor, para todos os efectos establecidos, o día da súa firma e manterase vixente ata 2023, ano de peche das políticas europeas do período 2014-2020.

CUARTA.- COMITÉ DE SEGUIMIENTO DO PROTOCOLO

Constitúese unha Comisión paritaria de Seguimento do presente protocolo, integrada por un membro de cada unha das partes, coas seguintes atribucións:

- Garantir o cumprimento deste Protocolo.
- Interpretar este Protocolo durante a súa execución e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

Este Comité, estará integrado polo Director Xeral de INCYDE, polo Director Xeral do IGAPE e polo Director Xeral de GAIN, ou persoas nas que deleguen e, así mesmo, resolverá cantas dúbidas ou incidencias se formulen no desenvolvemento do Protocolo.

QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA DO PROTOCOLO

O presente protocolo xeral límtase a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente.

E en proba de conformidade con canto antecede, subscríbese o presente documento no lugar e data indicado ut supra.

**O director xeral da Fundación
INCYDE:**

**O presidente do IGAPE
e presidente de GAIN:**

Javier Collado Cortés

Francisco José Conde López